

Texto 1 de Séchu Sende (*Made in Galiza*)

Eu só son unha palabra común. A miña vida podía ir mellor ou tamén peor. Gústanme os diminutivos afectivos e non me levo nada mal cos números. Nacín aquí, hai xa bastantes anos, e as cousas desde que eu era unha palabra nova cambiaron moito. En fin, que estou para o que faga falta. Aprendín moi cedo que son única, que ningunha outra palabra pode substituírme, como nos pasa a todas as palabras do mundo. Coñecín moitas palabras que desapareceron e todos os días me cruzo na rúa con algunha que acaba de nacer.

Mais hai uns quince días succedume algo preocupante. Acababa de acordar e estaba saíndo da ducha cando soou o timbre da casa. Vestínme apurada e abrín a porta. Cando vin que era un castelanismo fechei a porta con medo. E respirei fondo. Que quede claro que non teño nada contra as palabras estranxeiras. Na miña vida coñecín moitas que viñan aquí facendo turismo. Pasei bos momentos con algunhas palabras italianas e francesas e unha alemá e mais eu mesmo tivemos unha historia de amor hai algúns anos.

Tamén fixen algunhas viaxes a outros países e nunca tiven problemas para me facer entender e comprender as palabras coas que me atopei en Grecia e Turquía ou en Exipto. Todo o contrario. Sempre me gustou coñecer as palabras doutros idiomas, contarlles cousas da miña lingua e escoitar as súas aventuras.

Mais a palabra que chamou á porta da miña casa non viña facer turismo. Viña quedarse. As palabras da miña lingua levamos pasando por isto desde hai anos xa. De súbito chegamos á nosa casa ou ao noso traballo e hai un castelanismo ocupando o noso lugar, facendo súa a nosa vida.

E que quede claro que tampouco teño nada contra as palabras inmigrantes, que chegan para vivir como calquera de nós, que eu teño moi boas amigas que chegaron de América hai algún tempo e agora son como da casa, vivindo neste país que sempre foi hospitalario con todo o mundo.

Mais isto é diferente: aquel castelanismo que me fixo suar de medo na miña propia casa viña coa intención de me facer desaparecer. É un temor que teño desde hai algúns anos, cando comezou lentamente a invasión dos castelanismos.

Ao primeiro eran poucas. Vivían en grandes pazos nas aforas ou nas casas ricas ou nos cuarteis do exército. Axiña se descubriron as súas intencións, cando **comenzaron a ollarnos por riba do ombro**, e a ocupar os mellores traballos e a facerse con privilexios á custa de nós e a substituírnos, pouco a pouco. Ao final moitas de nós acabaron desaparecendo e doutras xa case ninguén se acorda. O resto, resistimos.

Eu, como sempre fun unha palabra común, ao principio non me preocupei demasiado, penso que por egoísmo. Non me afectaba. Aínda que cando as miñas veciñas do 3ºA e 2ºB desapareceron e comencei a ver saír e entrar dos seus pisos dous castelanismos, comecei a pensar que preocuparse polo que pasaba ao meu redor era necesario, porque todo nos afectaba a todas. E así foi.

Así que fechei a porta e preguntei cara afora:

- Que queres?

O castelanismo díxome que eu xa non era necesaria, que por favor abrise a porta, que non me resistise, que todo acabara para min e que regresaría o día menos pensado para quedar coas miñas cousas, a miña casa, o meu traballo e o resto.

Esa mañá non saín da casa. **O mundo veume encima.** Acovardeime e non fun traballar. Sei que cando unha palabra non sae á rúa, ou non vai ás cafeterías, aos colexios, as oficinas, en fin, aos lugares de sempre, para esa palabra comenza o principio da fin.

Estiven chorando medio día ata que me dixen: **Chorando non se amaña nada.** E collín as miñas cousas e saín decidida a facer o meu traballo, coa cabeza ben alta, ergueita. E traballei até ben entada a noite e, cando regresei á casa, seguía sendo a miña casa.

Desde que o castelanismo que me quere substituír veu ameazarme non tiven un minuto de descanso. Sinto como se tivese que traballar por todas as palabras que desapareceron, que hai moito por facer. Traballo día e noite e descanso satisfeita porque estou facendo todo o que podo. Nunca me sentín con tantas ganas de vivir.

A situación é moi preocupante aínda que ultimamente somos moitas as palabras que decidimos enfrontarnos a esta colonización da mellor maneira que sabemos: saíndo da casa todos os días, ocupando as nosas rúas, as nosas fábricas, as escolas, os autobuses, as prazas, as empresas, os mercados, as librerías, as tendas de música, os cibers, e todos eses lugares onde realmente somos necesarias.

Porque eu, aínda que son unha palabra común, síntome unha palabra útil. Eu son unha palabra imprescindible, como todas e cada unha das palabras do meu idioma. E sempre estarei aquí, Para o que faga falta.

EXERCICIOS

1. Busca sete palabras cuxo significado descoñezas e búscas no dicionario.
2. Explica as seguintes expresións:
 - *O mundo veume encima.*
 - *Ollar por riba do ombro.*
 - *Chorando non se amaña nada.*
3. Marca os xentilicios que atopas no texto. Cambia o seu xénero.
4. Quen é o protagonista do relato? Que lle acontece?
5. Onde cres que se desenvolve a acción? Por que?
6. Pon un título que lle acaía ben ao texto e explica por que o escolliches.
7. Qué é un diminutivo afectivo?
8. Que é un estranxeirismo? Busca exemplos que se atopen no galego. Podes buscar no dicionario.
9. De que linguas cres que proceden a maioría dos estranxeirismos que existen en galego? E en croata? Coinciden?
10. Cales cres que son esas palabras amigas da protagonista que chegaron de América? Coñeces algunha?
11. Cal é a opinión da protagonista sobre os estranxeirismos: son necesarios ou deberíamos protexer a lingua deles? Cal é a túa opinión? Xustifica a túa resposta.
12. Que é un castelanismo? Pon exemplos.